

## NOME DA ACTIVIDADE (Alumnado)

- **Arredor da mesa**

## ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Seguindo a ficha que tedes á vosa disposición debedes elaborar unha enquisa que determine os hábitos de comida e bebida dos diferentes lugares de Galicia ou do mundo de onde procede o alumnado.

A continuación tedes que ir preguntando e comentando cos compañeiros dos outros grupos as cuestións que elaborastes para a enquisa e aproveitar todos os datos que poidan xurdir.

Despois recolleranse as enquisas e iranse presentando en voz alta para todo o grupo, faranse preguntas, aclaracións e novas achegas.

Despois volveredes xuntarvos nos grupos anteriores e elaboraredes unha pequena conclusión sobre o voso apartado; redactarédolo e presentarédesllo unha vez máis ao resto do grupo para rematar xuntando todo o valioso material que acabades de recoller.

## MATERIAIS DA FICHA

<b>Ex. elaboración das preguntas</b>	<b>Ex. Resposta</b>
- Cantas veces ao día se come en X? - Que tipo de alimento se consome máis no teu lugar de procedencia ou onde resides habitualmente? - Cal é a comida máis característica da túa zona? - Cales son os ingredientes? - Como se elabora?	Normalmente con 3 comidas ao día xa imos tirando; pero en tempos e en ocasións segundo o labor que toque no traballo podemos facelo ata 6; <i>coa comida que lle chamamos a das 12.</i>  A merenda tamén é moi normal facela. Os días de festa xúntanse unhas comidas con outras.  A nosa comida máis característica son as <i>orellas de Entroido.</i>

### **Táboa para a elaboración das preguntas**

1. Frecuencia das comidas e tipos de alimentos que se consomen.
2. Preparación e elaboración.
3. Costumes sociais arredor da mesa (preparación da mesa; posición dos comensais; orde dos pratos).
4. Importancia das bebidas como acompañamento e pratos típicos doutros países e culturas.
5. Importancia da comida e da bebida nas celebracións e festas do país.

<b>Táboa para a elaboración das preguntas</b>
---

6. Alimentos e bebidas aos que se lle atribúen calidades especiais: curativas, enerxéticas ou máxicas.
--